



Pola presente comunícase que segundo o Decreto 13/2022 do 3 de febreiro polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e que modifica a Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, de educación,

### **ÁBRESE O PRAZO PARA A ADMISIÓN DO ALUMNADO.**

**Desde o día 1 de marzo e ata o día 20 de marzo**, queda aberto o prazo para a presentación das solicitudes de admisión. As solicitudes pódense retirar na secretaría do centro, descargar o ANEXO II desde a páxina web da Xunta <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>, ou desde a páxina web do colexio [www.edu.xunta.es/centros/ceipasforcadas](http://www.edu.xunta.es/centros/ceipasforcadas).

Tamén poden ser cubertas telematicamente desde a aplicación [admisionalumnado](#).

**Aqueles pais/nais/titores legais cuxos fillos/as naceran no ano 2021, poden pasar polo colexio para tramitala. Tamén a deberán facer os que veñan doutros centros educativos de infantil e/ou primaria.**

**Ante calquera dúbida, non deixedes de consultala na dirección do centro.**

**EN CALQUERA CASO SÓ SE PODE PRESENTAR UNHA SOLICITUDE DE ADMISIÓN. FACELO EN DOUS COLEXIOS IMPLICA INFRACCIÓN E PERDA DE DEREITO DE PRIORIDADE.**

Sen outro particular, reciban un cordial saúdo,

En Corme, a 29 de febreiro de 2024.

O Director

Asdo.: Manuel N. Caridad López